

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS**

- Día: Martes 30 de maio de 2023
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS-Teams
- Hora de inicio: 10:10 h
- Asistentes: Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, Miguel Mauricio Iglesias, Ramón F. Moreira Martínez, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: M. Trinidad de Miguel Bouzas, Anuska Mosquera Corral.

### **Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 2-5-2023.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, das programacións docentes das materias do MEQB para o curso 2023-2024.
4. Modificación do horario do módulo 2 para o curso 2023-2024.
5. Modificación do calendario de exames para o curso 2023-2024.
6. Resultados da enquisa interna de valoración do módulo 1 do curso 2022-2023.
7. Resultados da enquisa interna de valoración do módulo 2 do curso 2022-2023.
8. Asuntos de trámite.
9. Rolda aberta de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 2-5-2023.**

Apróbase a acta por asentimento.

### **2. Informes.**

#### *2.1) Plan Executivo de Calidade da ETSE.*

A Comisión de Calidade aprobou na súa reunión do 17 de outubro de 2022 a última versión do Plan Executivo de Calidade da ETSE. Preséntase e coméntase este documento ós membros da Comisión, que se dan por informados.

#### *2.2) Convocatoria interna da USC para a selección de másters candidatos á Convocatoria de Mencións de Excelencia a másters do SUG, da Xunta de Galicia.*

Con data 23 de maio de 2023, desde a Vicerreitoría de Titulacións chegounos notificación de que o MEQB foi un dos mestrados seleccionados para pasar á segunda fase dentro da convocatoria interna da USC para escoller os másters que remitirá como candidatos á convocatoria de mencións de excelencia da Xunta de Galicia. O prazo para a presentación das memorias descritiva e xustificativa completas nesta segunda fase remata o vindeiro 7 de xuño.

#### *2.3) Suplemento "250 Máster" do xornal El Mundo, edición 2023.*

Con data 3 de maio de 2023 remitíuselle desde a Coordinación do MEQB ó Gabinete de Comunicación da USC (tal como nos fora indicado) o cuestionario completo para a consideración do MEQB na elaboración dos ránkings do xornal El Mundo dentro do seu suplemento “250 Máster” na súa edición do presente ano.

#### 2.4) Convocatoria de prácticas curriculares obrigatorias para o curso 2023-2024.

O pasado 22 de maio publicouse a convocatoria de Prácticas en Empresa para o curso 2023-2024. O alumnado que actualmente está a cursar o 1º curso ten ata o próximo 5 de xuño para presentar a súa solicitude.

### 3. Aprobación, se procede, das programacións docentes das materias do MEQB para o curso 2023-2024.

Este pasado luns, 29 de maio, pechou o prazo para que os departamentos aprobasen as programacións docentes das materias para o curso 2023-2024. Tras unha revisión das programacións das materias do MEQB, esta Comisión acorda aprobalas todas na súa versión actual.

### 4. Modificación do horario do módulo 2 para o curso 2023-2024.

Debido a incompatibilidades horarias do profesorado tras a elaboración do POD do curso 2023-2024, preparouse unha nova versión do horario do módulo 2, que se presenta no Anexo I.

Apróbase por asentimento esta nova proposta de horario do módulo 2.

### 5. Modificación do calendario de exames para o curso 2023-2024.

Debido a incompatibilidades horarias do profesorado tras a elaboración do POD e a aprobación do calendario de exames do curso 2023-2024, propónse a modificación do horario de celebración do exame de 1ª oportunidade da materia Deseño Conceptual de Procesos, mudándoo das 10:00 h do luns 15 de xaneiro de 2024 para as 16:00 h dese mesmo día.

Apróbase por asentimento esta modificación do horario de celebración do devandito exame.

### 6. Resultados da enquisa interna de valoración do módulo 1 do curso 2022-2023

O histórico de resultados da enquisa interna de valoración do módulo 1 amósase na táboa seguinte, cos resultados correspondentes a este curso 2022-2023 marcados en grosa na columna da dereita:

MÓDULO 1	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
1. Os contidos das materias do módulo contribuíron a complementar a miña formación	4.1	4.4	3.4	4.1	4.0	3.5	4.0	4.1	4.6	<b>4.5</b>
2. A carga de traballo do módulo axústase ben á súa duración	3.0	1.8	2.8	2.5	2.6	1.8	2.6	1.6	3.3	<b>2.3</b>
3. O traballo autónomo proposto axústase ben ó contido das materias	3.8	2.5	3.2	3.1	3.6	3.1	3.8	2.8	3.7	<b>3.8</b>
4. De forma xeral o peso da avaliación continua na avaliación global das materias correspóndese coa carga de traballo proposta						2.7	3.5	2.9	3.7	<b>3.8</b>

5. Globalmente estou satisfeito co módulo	3.8	3.3	3.3	3.5	3.6	2.6	3.7	2.9	3.8	<b>3.9</b>
Taxa de resposta (%)	80.0	91.7	95.2	95.2	100.0	100.0	95.5	78.3	52.9	<b>61.9</b>

A satisfacción global, xunto cos ítems de axuste do traballo autónomo ó contido das materias e de peso da avaliación continua en relación á carga de traballo proposta, compáranse bastante favorablemente respecto da serie histórica, supoñendo nalgún caso incluso o máximo desa serie. Destaca positivamente a valoración do ítem referido á contribución dos contidos das materias á formación do alumnado (4,5). Por outra banda, na liña da serie histórica, destaca negativamente a valoración do ítem referido ó axuste da carga de traballo do módulo coa súa duración (2,3).

A taxa de resposta á enquisa foi baixa (62 %), aínda que mellor que a do ano precedente.

Entre os elementos incluídos nos comentarios que acompañaron ás cualificacións numéricas, o único aspecto recorrente foi o relacionado coa carga de traballo, que xa se ve reflectido numericamente na baixa valoración outorgada ó ítem #2. En calquera caso, todos os comentarios foron enviados á coordinadora do módulo para a súa análise na reunión de coordinación de peche do módulo.

## 7. Resultados da enquisa interna de valoración do módulo 2 do curso 2022-2023

Recóllese na táboa seguinte o histórico de resultados da enquisa interna de valoración do módulo 2, destacando en grosa na columna da dereita as valoracións correspondentes ó presente curso 2022-2023:

MÓDULO 2	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	20-21	21-22	<b>22-23</b>
1. Os contidos das materias do módulo contribuíron a complementar a miña formación	3.8	4.4	3.9	4.1	3.2	3.2	4.1	3.6	4.4	<b>3.8</b>
2. A carga de traballo do módulo axústase ben á súa duración	2.5	1.7	2.0	1.5	1.5	1.3	3.2	2.7	3.1	<b>2.3</b>
3. O traballo autónomo proposto axústase ben ó contido das materias	3.3	2.8	3.0	2.5	2.9	1.8	3.8	2.9	3.8	<b>3.4</b>
4. De forma xeral o peso da avaliación continua na avaliación global das materias correspóndese coa carga de traballo proposta						1.8	3.7	3.3	3.2	<b>3.4</b>
5. Globalmente estou satisfeito co módulo	3.7	3.0	3.3	2.5	3.2	1.5	3.7	2.5	3.6	<b>3.5</b>
Taxa de resposta (%)						69.0	91.0	55.6	52.6	<b>60.0</b>

Salvo un caso, as valoracións de todos os ítems enmárcanse na banda 3,4-3,8, situándose na zona media-alta da banda de flutuación histórica de cada un destes ítems individuais. A excepción constitúe o ítem referido ó axuste da carga de traballo do módulo coa súa duración (valoración de 2,3), que acada a súa valoración máis baixa desde o curso 2018-2019. Non obstante, é un valor que se sitúa na mediana do conxunto histórico de valoracións deste ítem.

A taxa de resposta á enquisa foi baixa (60 %), se ben algo superior á dos dous cursos anteriores.

De entre os comentarios recibidos, destacan cuantitativamente os que fan referencia á excesiva carga de traballo asociada á materia Deseño Conceptual de Procesos. Outros comentarios (non tan reiterados) afondan noutros aspectos de carga de traballo ou de enfoque das outras materias, e en todo caso foron enviados á coordinadora do módulo para a súa análise na reunión de coordinación de peche do módulo.

## **8. Asuntos de trámite.**

Non hai asuntos que tratar.

## **9. Rolda aberta de intervencións.**

En relación a unha comunicación xeral da Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo ó profesorado, recibida no día de onte, sobre casos de suplantación de identidade de alumnado en probas de avaliación, xérase un pequeno debate entre os asistentes. Conclúese, en calquera caso, que isto non debe ser un problema no máster, polo reducido tamaño do grupo e pola intensidade de interacción entre profesorado e alumnado.

Sendo as 10:40 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 30 de maio de 2023.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB

# ANEXO I – Nova proposta de horario do módulo 2 para o curso 2023-2024

MÓDULO 2: DISEÑO HOLÍSTICO DE PROCESOS

Versión 30-5-2023

CURSO 2023-2024

Oct-2023					
	lunes 23	martes 24	miércoles 25	jueves 26	viernes 27
9-10		MFT	SMN	MFT	MFT
10-11		MFT	SMN	MFT	MFT
11-12		EI	DCP	EI	EI
12-13		AGRI	DCP	AI.3-	AI.3-
13-14		AGRI		DCP.g2	DCP.g1
16-18			Lab-DCP		
18-20			16-20		

Oct/Nov-2023					
	lunes 30	martes 31	miércoles 1	jueves 2	viernes 3
9-10	MFT	MFT			AI.2-SMN
10-11	MFT	MFT		EI	AI.2-SMN
11-12	EI	EI	Todos los Santos	EI	EI
12-13	AGRI	EI		AGRI	AGRI
13-14	AGRI			AGRI	AGRI
16-18				Lab-DCP	
18-20				16-20	

Nov-2023					
	lunes 6	martes 7	miércoles 8	jueves 9	viernes 10
9-10	MFT	AI.2-SMN	MFT		AI.1-SMN
10-11	MFT	AI.2-SMN	MFT		AI.1-SMN
11-12	EI	9-11:30	DCP	Visita técnica	9-11:30
12-13	AGRI	AGRI	DCP		MFT
13-14	AGRI	AGRI			
16-18			Lab-DCP	Lab-DCP	
18-20			16-20	16-20	

Nov-2023					
	13	14	15	16	17
9-10	MFT	AI.2-SMN	AI.2-SMN	AI.3-	AI.3-
10-11	MFT	9-11:30	9-11:30	DCP.g1	DCP.g2
11-12	AGRI			EI	EI
12-13	AGRI	EI	AGRI	EI	MFT
13-14		EI	AGRI		
16-18	DCP (16-18)				
18-20					

Nov-2023					
	20	21	22	23	24
9-10	AI.1-SMN	MFT	MFT		AI.2-SMN
10-11	AI.1-SMN	MFT	MFT		AI.2-SMN
11-12	AI.2-EI	EI	EI	DCP	DCP
12-13		AGRI	EI	AI.2-AGRI	EI
13-14		AGRI		AI.2-AGRI	EI
16-18	DCP (16-18)		Lab-DCP		
18-20			16-20		

Nov/Dic-2023					
	27	28	29	30	1
9-10	AI.2-SMN	MFT	AI.2-SMN		
10-11	AI.2-SMN	MFT	AI.2-SMN		
11-12	9-11:30	EI	9-11:30	Foro de empresas	AI.1-AGRI
12-13					AI.1-EI
13-14	AI.2-AGRI	AI.2-AGRI	EI		
16-18			Lab-DCP		
18-20			16-20		

Dic-2023					
	4	5	6	7	8
9-10	AI.1-	AI.1-			
10-11	DCP.g2	DCP.g1			
11-12	AI.1-SMN	AGRI-tut.G1	Constitución Española		
12-13		AGRI-tut.G2			
13-14	11-13:30	AGRI-tut.G3			
16-18				Inmaculada Concepción	
18-20					

Dic-2023					
	11	12	13	14	15
9-10		EI-tut.G1			MFT-tut.G1
10-11		EI-tut.G2			SMN-tut.G1
11-12	Visita técnica	EI-tut.G3			MFT-tut.G2
12-13					SMN-tut.G2
13-14					MFT-tut.G3
16-18					SMN-tut.G3 (14-15)
18-20					

Modelización mediante fenómenos de transporte	MFT
Simulación con métodos numéricos	SMN
Análisis y gestión de riesgos industriales	AGRI
Energética industrial	EI
Diseño conceptual de procesos	DCP

Módulo incluido en el 1º semestre (Calendario académico aprobado por Consejo de Gobierno de 23 de febrero de 2023)  
 Clases expositivas, seminarios y tutorías: Aula A6  
 Laboratorio DCP (g1 & g2 simultáneamente): LB.2, LB.4, LB.5 y planta piloto